

## MOVEMENTO VECIÑAL

# A asociación de Ferrol Vello organiza o día 25 un taller dos desexos

REDACCIÓN > FERROL

■ A Asociación de Veciños de Ferrol Vello organiza o vindeiro sábado 25 o primeiro obradoiro cidadán destinado a imaxinar o futuro do barrio. Baixo o título “Ferrol Vello=Mapa dos desexos”, a iniciativa desenvólvese coa colaboración da asociación universitaria de estudantes de arquitectura Ergosfera, da Universidade da Coruña. Xurdida dunha proposta dunha estudan-

te desta marteria do Politécnico de Turín, Francesca Tiri, a actividade ten como obxectivo recoller as vivencias dos actuais veciños e de antigos residentes no barrio, así como de tódolos que teñan algunha relación coa zona. Ademais, recolleránse propostas de uso para os espazos públicos e os solares baleiros ou en ruínas. O obradoiro comezará ás cinco da tarde e rematará cunha merenda.